



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

RESOLUCIÓN

ASUNTO: NOMEAMENTO DE FUNCIONARIA INTERINA PARA A SUBSTITUCIÓN DA TRABALLADORA SOCIAL MUNICIPAL DURANTE O PERIODO DE INCAPACIDADE TEMPORAL. EXP. 2026/X998/000006

EXPEDIENTE: 2026/G003/000073

ANTECEDENTES:

- Resolución de Alcaldía núm. 563/2025, do 10 de xullo de 2025, pola que se aproba a bolsa de emprego de traballadores/as sociais, funcionarios/as interinos/as, Grupo A, Subgrupo A2, Escala de Administración Especial. A bolsa terá unha validez de tres anos, contados desde a súa aprobación, ou, no seu defecto, ata que todos os interesados que figuran nela non manifesten interese nunha oferta de traballo concreta ou presenten a súa renuncia, e poderá, no seu caso, prorrogarse por un máximo de 12 meses. A mesma poderá utilizarse no caso de que se produza algún dos motivos sinalados no artigo 10.1 a) b) c) e d) do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do estatuto básico do empregado público (TREBEP).

-Informe da Tesourería Xeral da Seguridade Social no que se fai constar que D^a Rosario Canosa Martínez iniciou un proceso de incapacidade temporal con data do 21 de xaneiro de 2026.

- Providencia de Alcaldía de data 22 de xaneiro de 2026 na que se dispón que pola técnica de Emprego Local por medio da vixente bolsa de traballadores/as sociais, aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 563/2025, do 10-07-2025, se proceda a realizar os chamamentos, pola orde de prelación establecida na mesma, para cubrir temporalmente, ata a súa reincorporación, o posto da traballadora social municipal, que actualmente se encontra vacante como consecuencia da ausencia transitoria por incapacidade temporal da funcionaria titular, emitindo o correspondente informe, elevándose á Alcaldía a proposta de contratación.

A Alcaldía xustifica as razóns de necesidade de cubrir o citado posto nesta providencia consistentes na finalidade de garantir este servizo público, considerado esencial, co propósito de continuar ofrecendo unha atención directa aos usuarios dos Servizos Sociais, especialmente ás persoas en situación de vulnerabilidade ou dependencia, para asegurar o seu benestar e, en definitiva, a eficiencia do servizo.

- Con data do 30 de xaneiro de 2026 emítese pola técnica local de Emprego o seu informe-proposta, o cal conclúe:

"INFORME:

.....

Polo anterior exposto, iníciase o chamamento de persoas candidatas por parte da Axente de Emprego e Desenvolvemento Local por orde de prelación da bolsa de emprego creada e reflectindo a súa situación logo dos chamamentos do seguinte xeito:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

Nº	APELIDOS E NOME	SITUACIÓN	CAUSA
1	Cabana González, Óscar	Rexeita o chamamento	Traballa
2	Añón Guerra, Jonathan	Renuncia a permanecer na bolsa	Traballa
3	Hernando Martínez, Paula	Rexeita o chamamento	Traballa
4	Rodríguez Rama, Diana	Rexeita o chamamento	Traballa
5	Antiqueira Pérez, Beatriz	Rexeita o chamamento	Traballa
6	Santos Díaz, Cristina	Rexeita o chamamento	Traballa
7	Penín Gestal, Ana	Rexeita o chamamento	Traballa
8	Leiro Mariño, Rocío	Rexeita o chamamento	Traballa
9	Rodríguez Fernández, Iria	Rexeita o chamamento	Traballa
10	Ocampo González, Rosa María	Rexeita o chamamento	Traballa
11	Fraga Alonso, Beatriz	Rexeita o chamamento	Traballa
12	Moure Varela, Clara	Rexeita o chamamento	Promesa de traballo no Ministerio e adxunta a publicación da adxudicación da praza
13	Esperante Blanco, Alba	Acepta o chamamento	Presenta a documentación en prazo no Rexistro do Concello de Ponteceso
14	Montero López, Yolanda	---	---
15	Lema Ordóñez, María	---	---
16	Gómez González, Francisco Javier	---	---

Logo de realizar os chamamentos por orde de prelación e comprobar a situación das persoas candidatas (aceptación, suspensión, traballando, rexeitamento ou renuncia a permanecer na bolsa) e presentación da aceptación por parte da persoa candidata Alba Esperante Blanco, en base ao anteriormente descrito,

PROPONSE:

1º. A contratación de dona Alba Esperante Blanco para o posto de “Traballador/a Social”, xa que presentou por rexistro de entrada no Rexistro Municipal do Concello de Ponteceso con número:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

202600000000075 de data 30/01/2026 a aceptación de chamamento e a documentación requirida para realizar a contratación para o posto indicado e logo de comprobar que dita documentación reúne os requisitos esixidos segundo o establecido na resolución que regula a creación e funcionamento da bolsa de “Traballador/a Social” . A contratación estenderase dende a data de sinatura do contrato ata a incorporación da persoa traballadora titular do posto.

- 2º. Excluir da bolsa de emprego para o posto de “Traballador/a Social” por así manifestalo no seu correo electrónico de data 21/01/2026 de resposta ao chamamento indicando que non precisaba continuar na bolsa e non acreditar documentalmente o motivo do rexeitamento a D. Jonathan Añón Guerra.
- 3º. Actualizar a relación de persoas interesadas en formar parte da vixente bolsa de emprego para o posto de “Traballador/a Social” quedando do seguinte xeito e a orde de prelación nos chamamentos:

Nº	APELIDOS E NOME
1	Cabana González, Óscar
2	Hernando Martínez, Paula
3	Rodríguez Rama, Diana
4	Antiqueira Pérez, Beatriz
5	Santos Díaz, Cristina
6	Penín Gestal, Ana
7	Leiro Mariño, Rocío
8	Rodríguez Fernández, Iria
9	Ocampo González, Rosa María
10	Fraga Alonso, Beatriz
11	Moure Varela, Clara
12	Esperante Blanco, Alba
13	Montero López, Yolanda
14	Lema Ordóñez, María
15	Gómez González, Francisco Javier

4º.- Non se realizou o chamamento ás persoas da bolsa seguintes a Alba Esperante Blanco ao aceptar esta o chamamento e presentar a documentación para a súa contratación.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

.....”

Con data do 30-01-2026 (R.E. núm.202600000000075) e do 02-02-2026 (R.E. núm.202699900000149) a interesada presenta a documentación orixinal relacionada nas bases, a cal se incorpora no expediente.

Sometido o expediente á fiscalización previa da Intervención municipal, emítese informe en sentido favorable na data de 04-02-2026 (Ref: MGM.04.02.26.2.Expte: 2026/X998/000006)

A competencia para resolver correspóndelle á Alcaldía, de conformidade co establecido no artigo 21.1.a) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e co artigo 61.1.a) e h) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Por todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente,

RESOLVO

Primeiro: Excluir da “Bolsa de emprego de traballadores/as sociais”, aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 563/2025, do 10 de xullo de 2025, ao candidato número 2, **D. JONATHAN AÑON GUERRA**, ao non acreditar o motivo do rexeitamento do chamamento, de conformidade co informe-proposta da técnica de Emprego Local, de data 30 de xaneiro de 2026.

Segundo: Actualizar a “Bolsa de emprego de traballadores/as sociais”, aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 563/2025, do 10 de xullo de 2025, quedando composta polas seguintes persoas:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	FASE CONCURSO Méritos 20 puntos	FASE OPOSICIÓN 1º exercicio (Test) 50 puntos	CUALIFICACIÓN FINAL
1	CABANA GONZALEZ, OSCAR	***0197**	17,61	45	62,61
2	HERNANDO MARTINEZ, PAULA	***8963**	14,87	41,25	56,12
3	RODRIGUEZ RAMA, DIANA	***3081**	18,60	37,50	56,1
4	ANTIQUEIRA PEREZ, BEATRIZ	***7587**	20	35	55
5	SANTOS DIAZ, CRISTINA	***7517**	20	35	55
6	PENIN GESTAL, ANA	***0387**	16,2	38,75	54,95
7	LEIRO MARIÑO, ROCIO	***3236**	19,40	33,75	53,15
8	RODRIGUEZ FERNANDEZ, IRIA	***7106**	20	31,25	51,25
9	OCAMPO GONZALEZ, ROSA M ^a	***7260**	12,30	33,75	46,05
10	FRAGA ALONSO, BEATRIZ	***6884**	12,9	30	42,9



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

11	MOURE VARELA, CLARA	***5322**	3,25	38,75	42
12	ESPERANTE BLANCO, ALBA	***0301**	14,7	26,25	40,95
13	MONTERO LOPEZ, YOLANDA	***9516**	6,72	31,25	37,97
14	LEMA ORDOÑEZ, MARIA	***4295**	0	35	35
15	GOMEZ GONZALEZ, FRANCISCO JAVIER	***8633**	5,12	23,75	28,87

Terceiro: Nomear funcionaria interina, traballadora social, subgrupo A2, a **D^a. ALBA ESPERANTE BLANCO, con DNI ***0301****, para a substitución da traballadora social municipal, D^a. Rosario Canosa Martínez, en situación de baixa por incapacidade temporal, de conformidade co establecido no artigo 10.1 b) do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, en consonancia co artigo 23.2 b) da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, cesando no intre no que se incorpore ao seu posto de traballo a persoa substituída.

Cuarto: Outorgarlle á interesada para a toma de posesión, un prazo de tres (3) días hábiles, a contar desde o seguinte á notificación da presente resolución, de acordo coa base 14^a.

No caso de que non tome posesión no prazo sinalado sen causa xustificada, decaerá en todos os seus dereitos a ocupar a praza.

Quinto: Notificar esta resolución á interesada, dar conta ao Departamento de Intervención e Tesourería e publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Sexto: Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Documento asinado electronicamente na data sinalada á marxe polo alcalde, José Manuel Mato Martínez, ante min, o secretario en acumulación, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

O alcalde,

O secretario en acumulación,

D. José Manuel Mato Martínez

D. Francisco Javier Novoa Juiz